

Características de VirtualBox



Sumario

- [1 Introducción](#)
- [2 Características](#)
- [3 Guest Additions](#)
- [4 Enlaces de interese](#)

Introdución

- Existen moitos programas de virtualización (*MMV, hipervisor ou plataformas de virtualización*) de tipo II pero dende hai uns anos para aquí cobrou moita importancia grazas a súa facilidade de uso, a ser multiplataforma e sobre todo ao ser software libre e gratuito o hipervisor **VirtualBox**.
- Inicialmente foi desenvolvido pola empresa alemá **Innotek GmbH**, logo esta empresa foi adquirida por [Sun Microsystems](#) e esta no ano 2009 foi adquirida por [Oracle Corporation](#)

Características

- **Multiplataforma:** o programa pode instalarse sobre MS Windows, GNU/Linux, MAC e Solaris, e as máquinas virtuais xeradas en calquera dos sistemas operativos anteriores poden usarse sen problemas en calquera outro.
- **Multi-convidados:** nas máquinas virtuais pódense instalar moitos sistemas operativos convidado (*guest*), entre eles: MS Windows, Ubuntu, Debian, openSUSE, etc. [Nesta lista pódense ver todos os SOs soportados](#)
- **Software libre:** Dende a [páxina de descargas de VirtualBox](#) pódese descargar o código fonte do programa, baixo a licenza GPL versión 2. A extensión *VirtualBox Extension Pack*, que engade soporte de dispositivos USB 2.0 e 3.0, escritorio remoto e arranque por rede PXE non é libre, e pode descargarse de forma gratuita para uso persoal e de avaliación ([licenza PUEL](#)).
- Permite montar imaxes ISO de CDs/DVDs nunha unidade virtual.

Guest Additions

Isto é, "melloras de convidado", son utilidades para introducir melloras no sistema convidado instalado na máquina virtual. Unha vez que se instala o sistema operativo nunha máquina virtual é aconsellable instalarlle estas utilidades que van optimizar o rendemento do sistema convidado e ademais van permitir:

- **Compartir cartafoles** entre a máquina anfitrión e a invitada.
- **Mellorar as características gráficas** da máquina virtual e incluso redimensionala como se fai con calquera outra aplicación no ordenador host.
- **Sincronización da hora** co ordenador host de xeito automático.
- **Compartir o portapapeis:** pódese copiar e pegar nos dous sentidos (host a convidado e convidado a host).
- [Neste enlace](#) pódese comprobar que sistemas operativos convidados admiten as *Guest Additions*.

Enlaces de interese

- <https://www.virtualbox.org/wiki/Screenshots>: Pantallas de exemplo.

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez --